

**Coop57**

**Servizos financeiros éticos e solidarios**

**2010**

**[www.coop57.coop](http://www.coop57.coop)**

# Que somos?



Somos unha **cooperativa** de servizos financeiros **ao servizo da economía social** que nace da confluencia dos seguintes factores:

- Os fondos compensatorios recibidos por 57 ex traballadores da editorial **Bruguera**, tras unha longa loita sindical
- A **crise industrial** e a **loita do movemento obreiro** para evitar a perda de postos de traballo a través do **cooperativismo**
- A **sensibilidade** da **sociedade civil** e os **movementos sociais**
- **Foro Social Mundial**: "Un outro mundo é posíbel"

## Quen somos?

Coop57 está integrado por entidades da economía social e por socias colaboradoras que depositan os seus aforros.

- **Socias de Servizos (2009) : 278**  
**Cooperativas // Asociacións // Movementos Sociais // Empresas de Inserción // Fundacións**
- **Socias colaboradoras (2009) : Case 1.000 persoas**

## De quen é?

Coop57 é **propiedade colectiva** das propias entidades socias **da economía social**





# Que facemos...?

Fomentamos o **aforro solidario** e o **investimento ético** para desenvolver os **proxectos** da **economía social**

## PRINCIPIO DE COHERÈNCIA

Decidimos o destino dos nosos **aforros** financiando **proxectos** da **economía social**:

- **Cooperativas de traballo**
- **Iniciativas de inserción laboral**
- **Proxectos dos movementos sociais**
- **Sustentabilidade e medio ambiente**
  - **Cultura e educación**
- **Fomento do traballo estábel e de calidade**

**Unha economía solidaria para unha sociedade máis xusta**

**A Comisión Social avalía os criterios éticos e sociais dos proxectos**

# Como traballamos?



**Coop57 rexe a sua actividade so os principios da banca ética e as finanzas sociais**

- **Principio de compatibilidade**  
Facemos compatíbeis o **rendemento social** e a **viabilidade económica**
- **Principio de democracia e autoxestión**  
Recuperamos o **control** sobre **nosos aforros**.  
As entidades socias e as socias colaboradoras **deciden** as políticas a seguir e as liñas de financiamento en **assemblea**.
- **Principio de transparencia**  
Absoluta transparencia nos préstamos concedidos e investimentos.  
Información **pública**, accesíbel e consultábel de toda a actividade.
- **Principio de desenvolvemento local e arraigamento social**  
Os recursos e aforros de cada territorio (**Coop57 Catalunya, Aragón, Madrid, Andalucía e Galiza**) destínanse aos proxectos sociais de cada territorio, para fomentar o desenvolvemento social e económico so os principios de autonomía en rede e solidariedade interterritorial.



# Aforrar en Coop57

**Coop57** é unha cooperativa de servizos que promove o **aforro ético** e que destina os seus recursos a dar créditos a **proxectos de economía social** que promovan a ocupación, fomenten o cooperativismo, o asociacionismo e a solidariedade en xeral, promovendo a sustentabilidade sobre a base dos principios éticos e solidarios.

## Estrutura do aforro

Poden aforrar a través de **Coop57** as persoas e as entidades da economía social que comparten os principios das finanzas éticas e solidarias. As persoas só achegan aforro, que se remunera cada ano ao xuro fixado na propia Asemblea Xeral no entanto que as entidades tamén poden ser receptoras dos créditos.


**Ningunha  
subvención**

**Achegas  
Entidades  
Socias**

**Aforro  
Tejido  
Social**  
**(Socias  
Colaboradoras)**



## Evolución das achegas 2003-2009



■ Achegas Obrigatorias      ■ Achegas Voluntarias Socias  
■ Achegas Socias Colaboradoras      ■ Achegas especiais  
■ TOTAL

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Achegas Obrigatorias	242.775	257.722	285.479	302.085	344.238	364.546	424.227
Achegas Voluntarias Socias	203.289	245.579	264.883	333.192	434.708	555.334	719.132
Achegas Socias Colaboradoras	533.694	838.258	1.341.632	1.817.494	2.405.247	3.213.277	4.835.271
Achegas especiais				492.000	246.000	0	300.000
<b>TOTAL</b>	<b>981.761</b>	<b>1.343.563</b>	<b>1.893.999</b>	<b>2.944.771</b>	<b>3.430.193</b>	<b>4.133.157</b>	<b>6.278.630</b>

## Diferenzas coa banca convencional

- **Coop57 é un medio, non un fin**

- **Cálculos e prezos.**

Unha das virtualidades é que os xuros fíxanse en asemblea xeral, é dicir, polas propias entidades da economía social. Os custos son sempre fixos e financieramente baixos.

- **Garantías.**

**NON** patrimoniais e solidarias

**SI** mancomunadas e pessoais

- **Comité de riscos**

O apoio ás entidades tradúcese nunha flexibilidade a medida no caso de dificultades e atrasos.



# Útiles financeiros en Coop57


- Produtos de activo a medida
- Criterio: **resolver necesidades sociais adaptación a cada caso**
- Estandarización de produtos cando se repite a problemática
- Coop57 é un instrumento ao servizo das suas propietarias
- Avanzamos cara a un modelo económico sustentábel, ético e social.

Desde 2003 máis de 400 proxectos financiados, e o grao de morosidade é CERO.





## Evolución créditos concedidos 2003-2009




	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Créditos a Largo Prazo	424.096	520.300	533.626	733.488	1.168.437	907.783	1.261.153
Créditos a Curto Prazo	80.500	149.600	216.743	387.078	459.633	881.066	1.182.552
Endoso Convenios	0	159.193	298.971	213.407	224.254	127.652	153.185
Anticipos financeiros	43.500	155.307	449.444	712.802	882.500	1.511.568	1.835.662
Operacións Especiais	0	0	0	480.000	91.331	99.538	45.000
<b>TOTAL</b>	<b>550.099</b>	<b>986.404</b>	<b>1.498.784</b>	<b>2.526.775</b>	<b>2.826.155</b>	<b>3.527.607</b>	<b>4.477.552</b>
Xestión títulos participativos					400.000	400000	807.000

# Perspectivas de futuro



- **NON** á expansión **piramidal**.
- **SI** ao **crecemento horizontal e en rede**
  - Unha **soa personalidade xurídica**,  
**autonomía** en rede e **desenvolvemento local**
- Experiencias
  - Catalunya
  - Aragón
  - Madrid
  - Andalucía
  - Galiza



# Limitacións Coop57

- Ofrecer **produtos ás personas físicas**
- Créditos hipotecarios
- **Principio de insuficiencia**
- **Complementariedade**



# Coop57

## Unha outra economía é posíbel

Coop57 participa en:

- >> **Proyecto FIARE** (futura Caixa Cooperativa)
- >REAS (Red de Economía Alternativa y Solidaria)
- >FETS (**Financiación Ética y Solidaria**)
- >> **FCTC** (Federació de Cooperatives de Treball de Catalunya)
- >> **XES** (**Xarxa Economia Solidària**)
- >> **APOSTA**, Escola de Cooperativisme

